ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

OBXECTIVOS

1.- **DESMONTAR OS PREXUÍZOS EXISTENTES SOBRE A ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA** E A SÚA ESTÉTICA.

2.- **DESENVOLVER A CAPACIDADE DE OBSERVACIÓN, ANÁLISE E DESCRICIÓN** DOS ESPAZOS ARQUITECTÓNICOS.

3.- FACER VER AO ALUMNADO QUE **O DESENVOLVEMENTO DUNHA SOCIEDADE PRESENTA CONTINUOS PROBLEMAS NA DEFINICIÓN DA SÚA ARQUITECTURA.**

4.- ENTENDER OS ELEMENTOS DETERMINANTES DUNHAS PECULIARES ORGANIZACIÓNS ESPACIAIS PARA UN DETERMINADO TEMPO HISTÓRICO.

5.- **CONCLUIR A NECESIDADE DUN RACIONAL DESEÑO URBANO** COMO ALTERNATIVA A UNS COMPORTAMENTOS ESPECULATIVOS ALLEOS Á CULTURA E GARANTE DUNHA CORRECTA CALIDADE DE VIDA.

6.- **COMPRENDER A NECESIDADE DE DESEÑAR OS NOSOS ESPAZOS** DENDE O TERRITORIO Á PROPIA VIVENDA.

7.- VER ALGUNHAS DAS ALTERNATIVAS QUE SE ESTÁN A DAR NOUTROS LUGARES DO MUNDO PARA CONTRASTALAS CO CONTORNO INMEDIATO.

ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA

ESQUEMA DA UNIDADE

1.- ACTIVIDADES INICIAIS

2.-¿DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DE ARQUITECTURA?

3.- A CIDADE DA ERA INDUSTRIAL
- Os ensanches
- O vivenda obreira e a vivenda burguesa

4.- A CIDADE DAS VANGARDAS

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA
- Os cinco puntos para unha nova arquitectura
- Vila Savoye
- Barrio do Weissenhoff
- Pessac
- Unidade de habitación
- Outras obras

6.- PRESENTE E FUTURO DO NOSO CONTORNO ARQUITECTÓNICO

- 6.1.- OS ESPAZ OS ARQUITECTÓNICOS DA NOSA ACTIVIDADE COTIÁ
- 6.2.- OS ESPAZOS URBANOS DA NOSA VIDA

7.- ACTIVIDADES FINAIS

1.- ACTIVIDADES INICIAIS

a.- Fíxate nas seguintes imaxes de edificios que podemos atopar nas nosas cidades:

1 Todos estes edificios foron construídos nas dúas últimas décadas do século XX. **¿Cales non responden ao seu tempo? ¿Por que?**



1.- ACTIVIDADES INICIAIS

b.- Dentro das cidades podemos encontrar distintos tipos de edificacións coma estas:

AC-002

AC-003

Dos anteriores exemplos arquitectónicos, **¿Cales cres que se deberían conservar?. Razoa** a túa resposta..

1.- ACTIVIDADES INICIAIS

3

c.- Supón que puideses facer o deseño da túa cidade ideal. **¿A que factores cres que deberías prestar maior atención? ¿Por que?**

- ☐ - Número de plantas
- ☐ - Ancho das rúas
- ☐ - Espazos verdes
- ☐ - Equipamentos básicos (escolas, dotacións deportivas, hospitais, ...)
- ☐ - .....

4

d.- Aquí tes unha serie de aspectos que as persoas poden ter en conta á hora de mercar a súa vivenda. **¿Cales terías ti en conta fundamentalmente?. Numéraos** por orde de importancia e engade outros novos que che parezan importantes. **Comentade** os resultados na clase.

- ☐ - Luz / sol
- ☐ - Situación
- ☐ - Fío musical
- ☐ - Distribución
- ☐ - Forma
- ☐ - Materiais
- ☐ - Bañeira de hidromasaxe
- ☐ - Número de veciños
- ☐ - Orientación
- ☐ - Illamento térmico
- ☐ - Forma exterior
- ☐ - Illamento acústico
- ☐ - Portal
- ☐ - .....

1.- ACTIVIDADES INICIAIS

5

e.- Fíxate nestas imaxes. Correspóndense con catro vivendas de tamaño e custo semellantes. Debaixo da cada exterior aparece unha imaxe do interior desa mesma casa**. ¿En cal destas vivendas preferirías vivir? ¿Por que?**

AC-004

AC-005

2.- ¿DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DE ARQUITECTURA?

«O HOME E A MULLER -CÓNTANOS LE CORBUSIER, O MÁIS IMPORTANTE ARQUITECTO DO SÉCULO XX-, *ESE HOME E ESA MULLER QUE SEMPRE ESTÁN ANTE NÓS, COAS SÚAS DIMENSIÓNS, OS SEUS SENTIMENTOS E O SEU XEITO DE VER AS COUSAS, ESTÁN SENTADOS, POR EXEMPLO ANTE A SÚA MESA.*

OS SEUS OLLOS PÓUSANSE SOBRE OS ESPAZOS E OS OBXECTOS QUE OS RODEAN: MOBLES, CADROS, LIBROS... E OUTRAS MOITAS COUSAS ÁS QUE LLES DAN IMPORTANCIA... AS PAREDES DA HABITACIÓN PÉCHANSE AO SEU REDOR, ABRÍNDOSE AO EXTERIOR A TRAVÉS DAS VENTÁS...

AGORA, PÓÑENSE EN PÉ, CAMIÑAN, ABANDOAN A HABITACIÓN, PASAN A OUTRO SITIO, A CALQUERA SITIO.

AÍ OS TENDES, MÁIS TARDE. ABRINDO A PORTA DA SÚA CASA... UN CORREDOR, ESCALEIRAS, UN ASCENSOR... XA ESTÁN NO PORTAL. VAN SAÍR Á RÚA.

¿CÓMO É O EXTERIOR? ¿HOSTIL? ¿ACOLLEDOR?... CAMIÑAN POLAS RÚAS DA SÚA CIDADE E PODEN, NUN BREVE TEMPO, ENCONTRARSE FÓRA DELA, NO CAMPO.

A ARQUITECTURA NON OS ABANDOOU NIN UN SÓ INSTANTE. PRIMEIRO, A VIVENDA: HABITACIÓNS, MOBLES... LOGO, A RÚA, O SITIO URBANO, A CIDADE... MÁIS TARDE, O CAMPO, OS SEUS CAMIÑOS, AS SÚAS CASAS, AS SÚAS PONTES, VERDE E CEO, NATUREZA...

A ARQUITECTURA ACTUOU SOBRE CADA UNHA DAS SÚAS DECISIÓNS ESTIMULANDO OS SEUS SENTIDOS. ARQUITECTURA É TODO: AS SÚAS CADEIRAS E AS SÚAS MESAS, OS MUROS E AS SÚAS HABITACIÓNS, AS SÚAS ESCALEIRAS, OS SEUS ASCENSORES, AS SÚAS RÚAS, A SÚA CIDADE...

BELEZA E FEALDADE, FELICIDADE OU DESGRAZA MARCARÁN AS SÚAS VIDAS A TRAVÉS DA ARQUITECTURA.

A ARQUITECTURA ABARCA TODO AQUILO QUE OS RODEA».

2.- ¿DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DE ARQUITECTURA?

A arquitectura abarca, pois, todo aquilo que nos rodea, dende as intervencións do ser humano sobre o territorio á utilización dun determinado mobiliario para un pequeno cuarto. A arquitectura constitúe, en fin, o permanente escenario no que vivimos.

6

Seguindo o modelo seguinte, **plasma en imaxes** (fotos) o teu espazo e percorrido diarios.



3.- A CIDADE DA ERA INDUSTRIAL

7 **¿Saberías dicir outros tipos de edificación que xorden agora, a parte dos anteriores?.**

8 Na túa cidade ou vila quizais se conserven aínda algúns destes edificios. **Fai unha relación** deles e **trata de conseguir información** sobre os mesmos, preguntando na casa, aos teus coñecidos ou ao teu profesor/a.



3.- A CIDADE DA ERA INDUSTRIAL

9 Nos planos seguintes aparecen as partes antigas das cidades e os ensanches que nelas se efectuaron. **¿Por que dirías que se caracterizaron estes ensanches do XIX?.** Para iso **fíxate** no que teñen en común entre eles.

ENSANCHE DE BARCELONA, 1859

ENSANCHE DA CORUÑA, 1889. A CIDADE A PRINCIPIOS DO XX



VIGO, 1857. ENSANCHE DE 1874. ESTADO DA CIDADE EN 1890

3.- A CIDADE DA ERA INDUSTRIAL

10 **Fíxate** nas seguintes imaxes sobre o Ensanche de Barcelona. Na esquerda e na superior dereita aparece tal e como o planificou Ildefonso Cerdá a mediados do século XIX; na inferior dereita móstrase no seu estado actual.

¿Que cambios aprezas entre a proposta e o estado actual?

¿Cal das dúas situacións cres que permite unha maior calidade de vida: a cidade tal como a propoñía Ildefonso Cerdá ou a cidade tal e como se ve agora?. Razóao.



3.- A CIDADE DA ERA INDUSTRIAL

11 Aquí tes imaxes dun barrio e dunha vivenda obreira (**1**-**2**), xunto coas imaxes (**3**-**4**) dunha praza dun ensanche e uns edificios de vivendas do mesmo.**¿Que diferenzas aprezas entre eles en canto ao seu tamaño, calidade da construción, entrada de luz, ...?. ¿Cres que o nivel económico dos ocupantes das vivendas obreiras era semellante ao dos moradores dos Ensanches?**

12 A mediados do XIX, a esperanza de vida da clase obreira non chegaba aos 30 anos. Sabendo que as condicións de traballo influían moito, **¿cres que tamén tiñan que ver as condicións das súas pequenas vivendas,** sen auga corrente, con escasa iluminación e ventilación, sen baños, etc...**?. Razoa** a túa resposta.



3.- A CIDADE DA ERA INDUSTRIAL

13 **Observa** os planos das casas, tendo en conta que están debuxados á mesma escala: un corresponde ao dunha vivenda obreira (**2**) e o outro ao dunha vivenda burguesa (**4**). **¿Que diferenzas atopas entre os mesmos?**

14 Valorando que nesta época o número de fillos por familia se situaba arredor de cinco como media, e que ademais, aínda non se estendera a familia nuclear, **¿cres que estas vivendas permitían unhas condicións de vida dignas? ¿Influiría isto na esperanza de vida?**

4.- A CIDADE DAS VANGARDAS

Principios fundamentais:

-**Buscar o desconxestionamento e a especialización das vías urbanas** segundo o tipo de tráfico a que son destinadas.

-**Conseguir a resolución dos problemas xerados pola concentración do centro urbano**.

-**Deseñar novos tipos edificatorios destinados a residencia** -mazás abertas, construcións en altura, liberación dos espazos inferiores elevando a edificación sobre o nivel do chan,...- caracterizados pola súa innovadora relación co medio.



-**Propoñer a creación de superficies verdes** que proporcionasen unhas satisfactorias condicións de vida aos seus habitantes.

-**Illar as zonas industriais.**



4.- A CIDADE DAS VANGARDAS

Este é o plano da *Ville Radieuse*, un modelo de nova cidade proposto por Le Corbusier en 1930 e que recolle os principios que acabamos de ver. Coa intención de optimizar o seu funcionamento, a cidade dividíase en distintas zonas:

A.- Cidade residencial
B.- Hoteis e embaixadas
C.- Cidade dos negocios
D.- Fábricas e almacéns
E.- Industria pesada

cunha grande presenza de espazos verdes e unha importante rede de vías de comunicación.

15 **Identifica** cada unha das sete imaxes que tes á dereita coas distintas zonas nas que se dividía a cidade.





5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

«CINCO PUNTOS PARA UNHA NOVA ARQUITECTURA» (1926):

-**Estrutura de piares** fronte á antiga estrutura de muros de carga. Estes soportes levantaranse directamente do chan, elevando así a planta baixa. Con isto líbranse as habitacións da humidade da terra e este terreo pode quedar para xardín debaixo da casa ou ben para espazos libres e usos colectivos.
-**A libre estrutura da planta** fronte aos espazos determinados pola presenza dos muros de carga (muros que soportaban a edificación). Ao concentrar nuns puntos concretos as presións, os tabiques podían colocarse segundo as necesidades de cada planta, sen ter por que haber a mesma distribución en todas elas.
-**A estrutura libre da fachada**. Ao perder a fachada a súa cualidade de soporte, as fiestras poden distribuirse a vontade sen ter en conta o reparto interior.
-**A fiestra apaisada e corrida**. Desaparecen as ventás verticais e deste xeito quedan iluminadas as habitacións por igual, de parede a parede. Os ensaios experimentais demostraron que un interior iluminado desta forma goza dunha intensidade lumínica oito veces superior que o mesmo interior coas ventás verticais.
-**Azoteas-xardíns**. Para que as cidades recuperen a superficie empregada na construción, utilizarase o tellado plano en beneficio da vivenda: tellado-terraza, tellado-xardín.





5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

As formas resultantes foron totalmente novidosas porque xa non estaban preconcebidas, senón que eran o resultado e a resposta -ao igual que os espazos internos- a un problema funcional concreto e aí radicaba a súa fermosura e beleza.

1


2


3

4

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

En 1928 deseñou Le Corbusier a “Vila Savoye”, na que se exemplificaron os cinco puntos antes referidos:

16 **Fai unha pequena redacción**, de non máis de vinte liñas, **na que expliques** como se cumpren os “cinco puntos para unha nova arquitectura” na anterior construción.



5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

17 **Fíxate** nas imaxes seguintes. Á vista das mesmas, **¿dirías que son vivendas económicas que teñen setenta anos?**. **Razoa** o porqué da túa resposta.

18 **¿Cres que un bo mobiliario, pensado para un espazo concreto, contribúe a aproveitalo mellor?**

¿Cres que as preocupacións dos arquitectos daquela época contribuíron a mellorar a calidade das vivendas?. Razóao.

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

Fíxate nestas imaxes. Son dunha reprodución do *cabanon* no que o arquitecto Le Corbusier pasaba os seus veráns en Cap Martin, preto de Niza.

Como podes observar, era un espazo moi pequeno, 3'66 x 4'36 m, que se aproveitaba moi ben xa que tiña un mobiliario moi ben pensado. Soamente lle faltaba a cociña porque comía sempre no bar ao que estaba pegado.

19

Tenta de recoñecer cada un dos espazos das fotos nos planos.



NON HAI DIAPOSITIVA

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

20 **Fíxate** ben nas imaxes anteriores do Barrio de Frugès. Os planos da dereita correspóndense coa vivenda que aparece nas fotografías. **¿Para cantas persoas pensas que era esta vivenda?**

Esta vivenda dispón dunha planta baixa, unha primeira planta e unha terraza e, como xa che comentamos, era unha vivenda obreira feita en 1926.

21 Tendo en conta a súa distribución interna que podes apreciar na imaxe **5**, **compáraa** coa vivenda obreira que aparecía na imaxe **2** da diapositiva AC-011.

24 **Pensa** en como poderías vivir ti nela agora mesmo..









AC-018

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

Tralo fin da 2ª Guerra Mundial (1939-45), Le Corbusier levou á práctica novas ideas sobre a vivenda colectiva. Europa estaba arrasada e moitas das súas cidades destruídas polo que a necesidade de construír vivendas dun xeito urxente e rápido era imperiosa. Neste contexto, Le Corbusier presentou unha proposta á que denominou «Unidade de habitación».

22 **¿Cres que tamén neste edificio se aplicaron os "cinco puntos"?. Explícao.**



5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

23 Vendo as imaxes seguintes, **busca e describe as semellanzas** entre un trasatlántico e a “Unidade de Habitación”. **Facede** na clase unha lista das vantaxes e inconvenientes que pode ter vivir nunha vivenda da “Unidade de Habitación”.



AC-020

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

Os principios desta nova arquitectura espalláronse por todo o mundo, contribuíndo a mellorar a calidade do espazo arquitectónico en todos os ámbitos da vida do home: vivendas, gasolineiras, fábricas, museos, hospitais ou escolas. Grandes arquitectos, fieis aos principios antes enunciados e sen renunciar á súa particular visión, deixaron mostras da nova arquitectura nos máis diversos lugares.

EDIFICIO DA BAUHAUS, ALEMANIA. WALTER GROPIUS, 1925

PAVILLÓN DE BARCELONA. MIES VAN DER ROHE, 1929



AC-021

GUGGENHEIM, NOVA YORK. FRANK LLOYD WRIGHT, 1946-59

IGREXA EN IMATRA, FINLANDIA. ALVAR AALTO, 1956-58

AC-022

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

Na actualidade, a nova arquitectura está presente en todos os lugares do mundo, sobrepasando os iniciais límites europeo e norteamericano, e ofrece atractivas innovacións segundo o lugar onde se produza. Sen embargo, polo momento, calquera desas innovacións continúa mantendo a súa débeda co legado daqueles homes que hai xa case cen anos abriron novas perspectivas para o desenvolvemento da arquitectura.

VIVENDA EN SAN ANXEL, MÉXICO. LUIS BARRAGÁN, 1950

VIVENDA EN CALIFORNIA, EE.UU. CHARLES E RAY EAMES, 1950

AC-023

CAPELA DA AUGA, HOKKAIDO, XAPÓN. TADAO ANDO, 1968

CGAC, SANTIAGO DE COMPOSTELA. ALVARO SIZA, 1988-93

AC-024

5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

24 En todas estas imaxes ves o exterior e o interior dos edificios. Como podes aprezar polas datas, son obras que van dos anos vinte ao fin do século XX. **¿Que ves en común en todas elas? ¿Como explicarías a diferenza que hai entre estes edificios e os antigos?**



5.- O XURDIMENTO DUNHA NOVA ARQUITECTURA

Dende finais do século XX estamos asistindo a unha reelaboración das formas da arquitectura propostas nas orixes do movemento moderno, con formas máis suxerentes e que ao mesmo tempo teñen unha grande implicación cos contornos nos que se asentan buscando, en moitos casos, contribuír a poñer orde no caos no que viven moitas das grandes cidades.

KUNTSHAL DE ROTTERDAM. REM KOOLHAAS, 1987-92

KURSAAL DE SAN SEBASTIAN. RAFAEL MONEO, 1990-99



6.- PRESENTE E FUTURO DO CONTORNO ARQUITECTÓNICO GALEGO

6.1.- Os espazos arquitectónicos da nosa actividade cotiá

..... As novas ideas chegáronnos serodiamente pero, aínda así, contamos cun pequeno número de magníficas obras renovadoras feitas por arquitectos, tanto galegos como foráneos, que traballaron dentro e fóra do noso territorio.

XIMNASIO DO COLEXIO MARAVILLAS. MADRID. DE LA SOTA, 1961
CASA DOMINGUEZ. A CAEIRA, PONTEVEDRA. DE LA SOTA, 1976

UNIDADE VECIÑAL. ELVIÑA, A CORUÑA. J.A. CORRALES, 1960-65
UNIV. LABORAL. O BURGO, A CORUÑA. J. LÓPEZ ZANÓN, 1961

6.- PRESENTE E FUTURO DO CONTORNO ARQUITECTÓNICO GALEGO

6.1.- Os espazos arquitectónicos da nosa actividade cotiá

En xeral, a construción dos espazos destinados tanto a uso comunitario como a uso familiar seguíuse a realizar sen pensar na arquitectura e segundo premisas que pouco teñen que ver cunha correcta calidade de vida para os seus usuarios e moito coa obtención do maior lucro posible.

O resultado é que vivimos utilizando un conxunto de construcións sen o máis mínimo interese cultural e que parecen ter esquecido os avances realizados pola arquitectura ao longo do século XX.


1

2


3

4

6.- PRESENTE E FUTURO DO CONTORNO ARQUITECTÓNICO GALEGO

6.1.- Os espazos arquitectónicos da nosa actividade cotiá

Non obstante nos últimos anos empezan a agromar construcións onde se combinan as aportacións da arquitectura de vangarda coas reflexións sobre o que debe ser a arquitectura no contexto galego.

AC-028







AC-030

AC-029

6.- PRESENTE E FUTURO DO CONTORNO ARQUITECTÓNICO GALEGO

6.1.- Os espazos arquitectónicos da nosa actividade cotiá



AC-031

AC-032

25 **Observa** o teu contorno e pensa nos espazos e edificacións polos que te moves a cotío, por exemplo no teu camiño diario ao instituto. Das edificacións que ves, **¿cales cres que recollen as propostas espaciais que xurdiron ao longo do século XX e cales pensas que seguen propoñendo espazos e formas arquitectónicas que teñen máis que ver coa arquitectura "histórica"?. Fai** unha relación das mesmas.

6.- PRESENTE E FUTURO DO CONTORNO ARQUITECTÓNICO GALEGO

6.2.- Os espazos urbanos da nosa vida

26 Se a elevada densidade de determinadas áreas urbanas multiplica a poboación dun barrio, **¿como afecta aos equipamentos do mesmo? ¿e ao seu tráfico e vías de comunicación ?**

27 **¿Cres que os problemas da cidade son unicamente estéticos ou tamén funcionais?**.
Sinala algúns deles.

6.- PRESENTE E FUTURO DO CONTORNO ARQUITECTÓNICO GALEGO

6.2.- Os espazos urbanos da nosa vida

28 **Fíxate** nos seguintes espazos urbanos. **¿Onde cres que poderías ter unha maior calidade de vida? ¿Por que?**

29 **Observa** o teu contorno cotiá. **¿Como calificarías o seu urbanismo? ¿Cales son os principais problemas que detectas? ¿Como che gustaría que fose?**

7.- ACTIVIDADES FINAIS

A continuación tes unha serie de textos e reflexións escritas por arquitectos contemporáneos:

“Facer arquitectura non é, despois de todo, outra cousa que definir-delimitar por medio da construción uns espazos que dean solución a un programa, a un problema determinado. A edificación debe dar resposta ás necesidades planteadas a través dunha forma que haberá de integrarse nun contexto preciso.”

Pedro de Llano

“Na arquitectura o importante non é a colocación da materia para pechar un espazo senón a súa substracción para abrilo. A busca do equilibrio entre o positivo e o negativo.”

Louis Khan

“Cando penso en arquitectura as imaxes comezan a vir á miña mente. Moitas desas imaxes están conectadas coa miña actividade como arquitecto, pero outras moitas son imaxes procedentes da miña infancia.

Houbo un tempo en que eu experimentei a arquitectura sen pensar nela. Algunhas veces podo aínda sentir un particular picaporte na miña man, unha peza de metal con forma de mango de culler. Unha desas imaxes perseverantes lévame ao proceso de achegamento á casa da miña tía a través do seu xardín. O seu picaporte aínda aparece no meu recordo como un signo especial de entrada a un mundo diferente de olores e sabores.

Recordo o son da grava baixo os meus pés, o olor e o brando escintileo da cera das escaleiras do faiado. Podo escoitar a sólida porta de entrada pechándose mentres camiño ao longo do escuro corredor e entro na cociña, o único espazo da casa cunha luz realmente brillante”.

Peter Zumthor

7.- ACTIVIDADES FINAIS

“Dende moi novo aprendín a aprezar o valor de non ter nada: viaxar lixeiro de equipaxe, sen responsabilidades e sen posesións, facíame sentir ben. Eu son o pequeno dunha familia de cinco fillos. Cada vez que unha das miñas irmás se ía da casa, o meu pai tiraba o tabique que separaba o cuarto, e o meu dormitorio medraba. O espazo era cada vez maior, pero eu non engadía cada vez máis cousas. O benestar que me proporcionaba o espazo libre, fíxome desexar ser arquitecto. A arquitectura ten a cualidade de influír sobre o estado de ánimo das persoas”.

John Pawson.

30 **a.-** **¿Que cres que nos están a dicir cada un deles?**. **Explícao** coas túas palabras.

31 **b.-** **Busca** na unidade unha imaxe que se corresponda con cada un dos textos anteriores, e **razoa** a túa elección.

32 **c.-** **Volve a ler** o texto de Le Corbusier que tes no apartado **2** da unidade. **Monta unha secuencia** coas fotos que sacaches do teu percorrido diario. **¿Que cres que está a marcar a túa vida: a *"beleza"* ou a *"fealdade"*, un contorno *"hostil"* ou *"acolledor"*? ¿Cales son as sensacións que che trasmiten a arquitectura que percorres e os espazos que habitas?**

8.- OUTRAS ARQUITECTURAS CONTEMPORÁNEAS

PAVILLÓN DE BARCELONA, VISTA EXTERIOR E INTERIORES PANORÁMICOS. ARQ. MIES VAN DER ROHE

8.- OUTRAS ARQUITECTURAS CONTEMPORÁNEAS

CAPELA DE RONCHAMPS. ARQ. LE CORBUSIER

CONVENTO DA TOURETTE. ARQ. LE CORBUSIER

CASA FARNSWORTH. ARQ. MIES VAN DER ROHE

CASA FARNSWORTH, VISTA INTERIOR. ARQ. MIES VAN DER ROHE

8.- OUTRAS ARQUITECTURAS CONTEMPORÁNEAS

CENTRO POMPIDOU. PARIS



BIBLIOTECA NACIONAL DE FRANCIA. PARÍS

MUSEO EN BERLÍN

EDUCATORIUM DA UNIVERSIDADE DE UTRECH

8.- OUTRAS ARQUITECTURAS CONTEMPORÁNEAS



APARTAMENTOS PARA A TERCEIRA IDADE. AMSTERDAM



EDIFICIO DE CONTROL DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE BASILEA



KUNSTHALL DE BREGENZ

INTERIOR DA FUNDACIÓN SERRALVES. PORTO

8.- OUTRAS ARQUITECTURAS CONTEMPORÁNEAS EN GALICIA

FACULTADE DE XORNALISMO. SANTIAGO DE COMPOSTELA



PAZO DA CULTURA. PONTEVEDRA

BIBLIOTECA CENTRAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

VIVENDAS SOCIAIS NO POLÍGONO DE VITE. SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.- OUTRAS ARQUITECTURAS CONTEMPORÁNEAS EN GALICIA

CASA DA CULTURA EN CHANTADA
FACULTADE DE ECONÓMICAS NO CAMPUS DE VIGO

CENTRO DE SAUDE EN DOMAIO
COMPLEXO PRESIDENCIAL DA XUNTA DE GALICIA



FIN DA PRESENTACIÓN